



DIVULGACIÓN

«Guía secreta da gastronomía de Galicia: Ourense»

Martín Álvarez. Alvarellos Editora. 138
páxinas. 16 euros.

SEGREDOS DE COCIÑA

Os libros que atenden aos valores da gastronomía galega, quer para descubrilos quer para redescubrilos, constitúen un capítulo aparte e ben relevante dentro do ensaio de carácter divulgativo.

Martín Álvarez, chef e profesor de cociña, presenta esa recente guía secreta, que se articula como a primeira dunha serie que, baixo o epígrafe de *A lume lento*, recalará en diversos territorios galegos co obxectivo de rescatar e poñer o día os elementos gastronómicos de maior interese.

A presente entrega, dedicada a Ourense, alén de incorporar unha abondosa información que bebe en fontes diversas, percorre todo aquilo que amosan feiras, festas, romarías ou mercados para logo darlle forma e expor, con indubidable acerto, esas tradicións gastronómicas visitadas máis salientables, esas receitas ou usos culinarios particulares e singulares que constitúen un elemento non pouco importante da nosa propia idiosincrasia.

TEXTOS
**Ramón
Nicolás**